



RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D/Dª/Entidade/Asociación/Empresa , con DNI

Renuncia á subvención que por importe de € foille concedida ao amparo da Orde do de axudas con cargo aos orzamentos xerais do estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Para a realización da subvención

Número expediente:

Lugar e data

, de de

(Sinatura)

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro s/n 15781 Santiago de Compostela

Orde do 27 de abril de 2010 pola que se modifican determinados prazos establecidos na Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010.

A Orde do 22 de febreiro de 2010 (publicada no DOG nº 39, do 26 de febreiro, coa corrección de erros no DOG nº 73, do 20 de abril) regula a aplicación en Galicia dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, establecendo prazos para a presentación de solicitudes e de determinado tipo de documentación.

Posteriormente, a Orde do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño ARM/762/2010, do 26 de marzo, amplía o prazo de presentación da solicitude única do artigo 99.2º do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, para o ano 2010.

Por outra banda, a concentración das xestións relativas á tramitación da solicitude unificada de axudas PAC/DR 2010 e a elaboración da documentación xustificativa do cumprimento de compromi-

sos do contrato de explotación sustentable (CES) en 2009, tanto polos agricultores como polas entidades de aconsellamento, moitas delas con convenio de colaboración asinado co Fogga para a tramitación da solicitude unificada de axudas PAC/DR 2010, dificulta o cumprimento dos prazos establecidos para a presentación da dita documentación xustificativa, e aconsella a modificación da disposición transitoria segunda no relativo ao artigo 18 da Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable, co fin de facilitar a realización de ambas as xestións en prazo.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Modificar a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos

á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, como segue:

Un.-Modifícase o número 1 do artigo 8º do seguinte modo:

«1. O prazo para a presentación da solicitude unificada de axudas PAC/DR 2010 empezará o día 1 de febreiro e finalizará o día 14 de maio de 2010, inclusive».

Dous.-Modifícase o número 2 do artigo 50º do seguinte xeito:

«2. O/a cedante notificará a cesión dos dereitos de axuda ao director do Fogga ou autoridade competente ante a que presentase a súa última solicitude única, e preferentemente na oficina agraria comarcal a que pertenza a súa explotación, entregando xunto con esta comunicación os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditar esta. O período de comunicación iniciárase o 1 de novembro e finalizará seis semanas antes da data límite para a presentación da solicitude única do ano seguinte, polo que estas se poderán practicar ata o 4 de abril de 2010, inclusive.

Entenderase que a cesión foi aceptada sen oposición se ás seis semanas desde a comunicación ao director do Fogga non se notificou motivadamente a súa oposición. Unicamente se poderá opoñer á cesión cando esta no se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro».

«Tres.-Modifícase a disposición transitoria segunda da Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas do desenvolvemento rural para utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, relativa ao artigo 18 da Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias».

«4. Porén os/as solicitantes con axudas aprobadas incluídas no marco do CES comunicarán ao Fogga o cumprimento dos compromisos asumidos para o ano natural 2009 ata o día 31 de maio de 2010. Esta comunicación consistirá na presentación do caderno de explotación, actualizado, como mínimo, a 31 de decembro, no servizo territorial do Fogga correspondente á provincia da explotación».

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Corrección de erros.-Resolución do 17 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a produción de curtame-traxes en versión orixinal en lingua galega, así como de videoclips, e se convocan para o ano 2010.

Advertido erro na dita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 61, do mércores, 31 de marzo de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 4.755, no artigo 2.1º, onde di: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 200.000 euros».

Debe dicir: «Para a concesión das subvencións destinarase un crédito global de 180.000 euros».

Corrección de erros.-Resolución do 18 de marzo de 2010 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2010.

Advertido erro na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 61, do mércores 31 de marzo de 2010, procede realizar a seguinte corrección:

Na páxina 4.767, cláusula terceira, punto 4, onde di: «O importe global máximo das subvencións anteriormente detalladas será de 2.290.000 euros (dous millóns douscentos noventa mil euros)», debe dicir: «O importe global máximo das subvencións anteriormente detalladas será de 2.100.000 euros (dous millóns cen mil euros)».

Na páxina 4.768, onde di: «5. O importe global máximo previsto no punto anterior distribuírse entre as referidas modalidades de subvención, asignándoseles as seguintes contías máximas:

A. Para as subvencións á actividade escénica, 1.450.000 euros.

B. Para o programa Crédito-cultura, 40.000 euros.

C. Para as subvencións á promoción e difusión de traballos discográficos, 110.000 euros.

D. Para as subvencións á distribución, 380.000 euros.

E. Para as subvencións a salas de teatro e artes escénicas privadas, 160.000 euros.